

AXUDAS PREDOUTORAIS- XUNTA DE GALICIA 2019

NOTA INFORMATIVA DO 7 DE FEBREIRO SOBRE CERTIFICACIÓN DE GRUPO

Dado que no día de onte, a Secretaría Xeral de Universidades publicou un modelo de certificado para **Certificación de subvención do grupo ao que pertence a persoa que dirixe a tese de doutoramento (non obrigatoria para a modalidade B)**, establececese un novo procedemento para este documento concreto.

A persoa que presenta a súa candidatura é a responsable de encher o certificado cos datos necesarios e acadar a sinatura, preferentemente electrónica, das persoas que correspondan.

Unha vez asinado, debe ser enviado por correo electrónico á seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es con **data límite o 14 de febreiro**, para a súa sinatura pola vicerreitora de Investigación.

Será incluído de oficio na candidatura correspondente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

No día de hoxe publícase o devandito modelo no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo.